

INFORME ANUAL DE SEGUIMENTO

**Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química
pola Universidade de Santiago de Compostela
e a Universidade de Vigo**

Curso Académico: Curso 2015-2016

ÍNDICE

1. DATOS DO PROGRAMA.....	3
2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO.....	4
• MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	35
• PLAN DE MELLORAS	36
ANEXO I. LISTA DE EVIDENCIAS E INDICADORES.....	40
ANEXO II. TÁBOAS.....	45
EPD 19. Táboa 1. PDI do Programa de doutoramento	45
EPD 20. Táboa 2. Grupos de investigación.....	59
EPD 21. Táboa 3. Proxectos de investigación competitivos activos en cada grupo.....	66
EPD 23. Táboa 4. Teses doutorais dirixidas no programa de doutoramento no período avaliado.....	92
EPD 24. Táboa 5. Contribucións científicas relevantes (anos 2015 e 2016).....	94

1. DATOS DO PROGRAMA	
DENOMINACIÓN DO PROGRAMA	Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo
UNIVERSIDADE RESPONSABLE ADMINISTRATIVA	Universidade de Santiago de Compostela
EN CASO DE PROGRAMAS INTERUNIVERSITARIOS, UNIVERSIDADE/S PARTICIPANTE/S	Universidade de Vigo
CENTRO/ESCOLA RESPONSABLE	Escola de Doutoramento Internacional
CENTRO/S PARTICIPANTES	Facultade de Química (USC) Facultade de Química (UVIGO)
CÓDIGOS ISCED	0531 [Química]
CURSO DE IMPLANTACIÓN	2013-2014
DATA ACREDITACIÓN EX ANTE (VERIFICACIÓN)	25/09/2013
DATA RENOVACIÓN ACREDITACIÓN	--

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO: O programa de doutoramento implantouse de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada e, no seu caso, nas súas respectivas modificacións.

1.1.- O programa mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina e dos avances científicos e tecnolóxicos. Os cambios introducidos no programa e que non se someteran a modificación non alteran o nivel 4 do MECES e permitiron a súa actualización de acordo cos requisitos da disciplina.

Aspectos a valorar:

- O perfil de egreso do programa mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito, tendo en conta os avances científicos e tecnolóxicos da disciplina.
- Imbricación do programa na estratexia de I+D+i da Universidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química que actualmente imparten conxuntamente a Universidade de Santiago de Compostela (USC, coordinadora) e a Universidade de Vigo (UVI), xurde como consecuencia da adaptación o Real Decreto 99/2011 do Programa da mesma denominación. Tanto no seu deseño inicial, feito en base ó Real Decreto 1393/2007, como no deseño desta versión actualizada, seguíronse as indicacións e recomendacións da ACSUG e da ANECA, e normativa legal de aplicación.

Trátase dunha titulación interuniversitaria que combina a experiencia e potencialidade investigadoras das áreas de Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química Orgánica das dúas universidades do consorcio.

- <http://www.usc.es/doutoramentos/es/doctorados/ciencias/ciencia-tecnologia-quimica>
- http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/oferta/cientifico/detalle.html?Num_Sistema_An_o_Academico=67&Cod_Plan_Nodo=V11D027P06

É moi relevante a partición no Programa de diversos centros de investigación moi relevantes das dúas universidades, a saber

- USC:
 - Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica y Materiales Moleculares (CIQUS) (<http://www.usc.es/ciqus>).
 - Instituto de Investigaciones y Análisis Alimentarios (<http://www.usc.es/gl/institutos/iaa/index.html>).
 - Instituto de Investigacións Tecnolóxicas (<http://www.usc.es/gl/institutos/iit/index.html>)
- UVI:
 - Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) (<http://cinbio.es/en/portada-en/>).

O Programa categorízase como interdisciplinar e de amplo espectro científico. Permite formar doutores especializados en numerosos terreos de traballo que abarca a Química, como resultado da oferta dun amplo e diverso abano de liñas de investigación e dun tamén amplo e diverso panel de directores.

Un indicador de referencia canto a relevancia da titulación é o relativo á concesión da “Mención hacia la Excelencia” (MEE2011-0560), polo Ministerio de Educación.

A versión actual do Programa, implantado o curso académico 2013/14, foi obxecto dunha modificación das actividades formativas, avaliada favorabablemente pola ACSUG, que permitiu introducir una actividade formativa, denominada Formación en Actividades Docentes, destinada a contribuir á formación docente dos doutorandos, a través da súa colaboración nas clases interactivas de materias do Grao en Química. Isto constitúe un elemento moi interesante e novedoso no SUG, que ven a engadirlle valor á xa constatada e constable relevancia e interese da titulación.

Un indicio adicional da relevancia do Programa e o número e perfil de ingreso dos alumnos admitidos.

Canto ó perfil de egreso, o número de doutores producido é aínda moi reducido como para que existan datos

que podan ser relevantes.

Finalmente, canto a imbricación do Programa na estratexia de I+D+i das universidades, é moi relevante indicar que se enmarca nas estratexias de dous campus de excelencia internacional:

- Campus Vida da USC: <http://campusvida.usc.es/es/>
- Campus do Mar da UVI: <http://campusdomar.es/es/>

1.2.- O programa dispón de mecanismos para garantir que o perfil de ingreso dos doutorandos é axeitado e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación do programa e o número de prazas ofertadas.

Aspectos a valorar:

- O perfil de ingreso dos doutorandos e o seu número é coherente coas características e a distribución das liñas de investigación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- **Datos do número de alumnos do Programa nas dúas universidades do consorcio:**

Táboa 1.2.1. Estudantado do Programa na Universidade de Santiago de Compostela

	2013/14	2014/15	2015/16
Estudantes de novo ingreso	22	35	34
Homes	10	13	15
Mulleres	6	18	17
Estudantes de novo ingreso por adaptación	3	0	11
Número total de estudantes matriculados	22	55	84

Táboa 1.2.2. Estudantado do Programa na Univesidade de Vigo

	2013/14	2014/15	2015/16
Estudantes de novo ingreso	5	1	8
Homes	1	0	4
Mulleres	4	1	4
Estudantes de novo ingreso por adaptación	0	0	2
Número total de estudantes matriculados	5	6	8

- *Reflexións/comentarios:*

Obsérvase que a demanda de prazas se mantén en valores moi similares ó longo das edicións consideradas, e que a ratio DP (demanda de prazas)/OP (oferta de prazas) é baixa, o que indica que as 100 prazas ofertadas (80 prazas ofertadas pola USC e 20 prazas ofertadas pola UVI) son excesivas.

O número tan elevado de prazas ofertadas está motivado non tanto coa demanda, senón coa complexidade do Programa de Doutoramento, e moi especificamente co elevado número de profesores e investigadores das dúas universidades que participan no Programa: a práctica totalidade de profesores e investigadores de Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química Orgánica das dúas universidades do consorcio.

Haberá que considerar a oportunidade de reducir o número de prazas que se ofertan, para que teña unha correspondencia maior coa demanda.

- **Perfil de ingreso do estudantado no Programa:**

Táboa 1.2.3. Perfil de ingreso do estudantado do Programa na Universidade de Santiago

	2013/14	2014/15	2015/16
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster	89,47	88,57	82,61
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades	0	5,71	8,70
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso doutras universidades do nacionais, fóra do SUG	0	2,86	8,70
Porcentaxe de novo ingreso doutras universidades do SUG	0	2,86	0
Porcentaxe de estudantes extranxeiros (de fora de España) sobre o total de matriculados	9,09	10,91	10,71
Porcentaxe de estudantes extranxeiros do EEES	0	1,82	2,38
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos	0	0	0
Porcentaxe de estudantes a tempo completo	100	100	100
Porcentaxe de estudantes a tempo parcial	0	0	1,19
Porcentaxe de estudantes con dedicación mixta	0	0	1,19
Porcentaxe de estudantes que realizan estadias de investigación (saíntes), autorizadas por CAPD	13,64	5,45	9,76
Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes)	4,55	3,64	2,44
Porcentaxe de estudantes con bolsas ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta, etc.)	13,64	25,45	29,27


Táboa 1.2.4. Perfil de ingreso do estudantado do Programa na Universidade de Vigo

	2013/14	2014/15	2015/16
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster	100	100	62,5
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso procedentes de estudos de máster doutras universidades	0	0	0
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso doutras universidades do nacionais, fóra do SUG	0	0	12,5
Porcentaxe de novo ingreso doutras universidades do SUG	0	0	0
Porcentaxe de estudantes extranxeiros (de fora de España) sobre o total de matriculados	0	0	0
Porcentaxe de estudantes extranxeiros do EEES	0	0	0
Porcentaxe de estudantes de novo ingreso que requiren complementos formativos	0	0	0
Porcentaxe de estudantes a tempo completo	100	100	100
Porcentaxe de estudantes a tempo parcial	0	0	0

Porcentaxe de estudantes con dedicación mixta	0	0	0
Porcentaxe de estudantes que realizan estadias de investigación (saíntes), autorizadas por CAPD	100	100	12.5
Porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade (entrantes)	0	0	0
Porcentaxe de estudantes con bolsas ou contrato predoutoral (FPI, FPU, Xunta, etc.)	60	100	25.0

Táboa 1.2.4. Perfil de ingreso do estudantado do Programa segundo titulación de procedencia
(datos referidos á Universidade de Santiago de Compostela)

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
Homologación ou equivalencia de títulos estranxeiros	4,55	11,43	2,94
RR Adaptación a programas RD 99/2011	13,64	0,00	32,35
Suficiencia investigadora ou DEA	4,55	0,00	2,94
Titulados Universitarios e que Teñan Alomenos 2 Anos Superados Praza Formación Ciencias da Saúde	0,00	0,00	0,00
Título oficial de Grao e/ou Máster ou titulacións equivalentes	77,27	88,57	61,76
Sen identificar	0,00	0,00	0,00
Total (%)	100,00	100,00	100,00



Titulación de acceso	2013/14	2014/15	2015/16
Máster en Química Avanzada	11	24	4

Máster en Investigación Biomédica	1		
Máster Química Teórica e Modelización Computacional		1	
Máster Ciencias Químicas			1
Máster en Investigación Química e Química Industrial			7
Máster Interuniversitario en Química Orgánica			7
Máster in Computer Science	1		
Master of Science		2	
Master Degree in Natural Substances therapeutically active		1	
Máster en Ciencia y Tecnología de los Alimentos		1	
Licenciatura en Química	3	1	10
Licenciatura en Enxeñaría Química		1	1
Programa Doutoramento Química do Medio Ambiente			1
Licenciatura en Biotecnología			1

Táboa 1.2.5. Perfil de ingreso do estudantado do Programa segundo titulación de procedencia
(datos referidos á Universidade de Vigo)

	2013-2014	2014-2015	2015-2016
Homologación ou equivalencia de títulos estranxeiros	0	0	0
RR Adaptación a programas RD 99/2011	0	0,00	25
Suficiencia investigadora ou DEA	0	0,00	37.5
Titulados Universitarios e qué Teñan Alomenos 2 Anos Superados Praza Formación Ciencias da Saúde	0,00	0,00	0,00
Título oficial de Grao e/ou Máster ou titulacións equivalentes	100	100	62.5
Sen identificar	0,00	0,00	0,00
Total (%)	100,00	100,00	100,00

Titulación de acceso	2013/14	2014/15	2015/16
Máster en Química Avanzada	5	0	0
Máster en Investigación Química e Química Industrial	0	1	5
Máster en Física Nuclear			1

- Reflexións/comentarios:**

A maioría dos estudantes acceden con un título oficial de Grao e/ou Máster ou titulacións equivalentes, en disciplinas relacionadas coa Química, o que lles confire unha formación inicial axeitada para o programa de doutoramento.

No caso de Santiago de Compostela, no curso 2015/19 o Programa recibiu un número significativo de alumnos procedentes da modalidade previa deste Programa (RD 1393/2007), que deberon adaptase o RD 99/2011. Ningún deles requireu realizar complementos de formación previos.

Mentres, na Universidade de Vigo non se requeriu esta migración de alumnos

Polo tanto, consideramos que o perfil de ingreso do estudantado é satisfactorio e adáptase ás características do noso programa formativa.

Pola contra, o número de alumnos é escaso, en relación coas capacidades formativas do Programa. Polo que haberá que emprender iniciativas tendentes a captar alumnado, fundamentalmente de fora do SUG.

- Distribución por áreas de investigación:**

*Táboa 3.1 Distribución do estudiantado por áreas de investigación
(datos referidos á Universidade de Santiago de Compostela)*

Área de Investigación	2013/14	2014/15	2015/16
Química Analítica	2	3	8
Química Física	1	2	5
Química Inorgánica	2	4	1
Química Orgánica	11	22	18

*Táboa 3.1 Distribución do estudiantado por áreas de investigación
(datos referidos á Universidade de Vigo)*

Área de Investigación	2013/14	2014/15	2015/16
Química Analítica	0	0	1
Química Física	2	0	0
Química Inorgánica	1	0	0
Química Orgánica	2	1	7

- Reflexións/comentarios:**

Obsérvase unha distribución por áreas que varía, dependendo das expectativas científicas e profesionais, de da financiación de proxectos dos investigadores e grupos de investigación correspondentes.

É particularmente relevante a capacidade de atracción de alumnos da área de Química Analítica e da área de Química Orgánica, na Universidade de Santiago de Compostela, e na área de Química Orgánica na Universidade de Vigo.

1.3.- O programa dispón de mecanismos axeitados de supervisión dos doutorandos e, se procede, das actividades formativas.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de supervisión dos doutorandos son axeitados e correspóndese co establecido na memoria de verificación (asignación do titor e director de teses, control do documento de actividades do doutorando, valoración anual do plan de investigación, normativa de lectura de teses... e todos aqueles que a Comisión Académica do programa teña establecido).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O programa de doutoramento está coordinado por unha Comisión Académica Interuniversitaria, que se ocupa dos aspectos xerais dos mecanismos de supervisión e da organización e calidade das actividades formativas, que se consideran satisfactorios. Ten a constitución e composición seguinte.

Composición de la Comisión Académica (abril de 2015)

- 1) Coordinador General del Programa de Doctorado y coordinador local en la Universidad de Santiago de Compostela.
 - a) *Ramón J. Estévez Cabanas (Catedrático de Química Orgánica, USC)*
- 2) Coordinador General suplente del Programa de Doctorado y coordinador local en la Universidad de Vigo.
 - a) *Rosana Álvarez Rodríguez (catedrática de Química Orgánica, UVI)*
- 3) Decano/a de la Facultad de Química de la Universidad de Santiago de Compostela o persona en quien delegue.
 - a) *Pilar Bermejo Barrera (catedrática Química Analítica, USC)*
- 4) Decano/a de la Facultad de Química de la Universidad de Vigo o persona en quien delegue.
 - a) *Ignacio Pérez Juste (Profesor titular de Química Física, UVI)*
- 5) Dos directores de centros singulares de investigación, institutos universitarios u otros centros de I+D+I, o personas en quien deleguen.
 - a) *Centro Singular de Investigación Química y Química Industrial: Dolores Pérez Meirás (Profesora titular de Química Orgánica, USC)*
 - b) *Centro de Investigacións Biomédicas: Angel Rodríguez de Lera (Catedrático de Química Orgánica, UVI)*
- 6) Cuatro profesores de la Universidad de Santiago de Compostela, pertenecientes a las áreas de Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica y Química Orgánica.
 - a) *Química Analítica: Rafael Cela Torrijos (Catedrático de Química Analítica, USC)*
 - b) *Química Física: José Ramón Leis Fidalgo (Catedrático de Química Física, USC)*
 - c) *Química Inorgánica: José Manuel Vila Abad (Catedrático de Química Inorgánica, USC)*
 - d) *Química Orgánica: M^a del Carmen Villaverde Cameron-Walker (Catedrática de Química Orgánica, USC)*
- 7) Dos profesores de la Universidad de Vigo, pertenecientes a las áreas de Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica y Química Orgánica.
 - a) *Carlos Bendicho Hernández (Catedrático de Química Analítica, UVI)*
 - b) *Ezequiel Vázquez López (Catedrático de Química Inorgánica, UVI)*

Está Comisión organizase en dúas Subcomisións delegadas, unha para a Universidade de Santiago de Compostela e outra para a Universidade de Vigo, que se ocupan da aplicación nas respectivas universidades dos criterios e acordos adoptados pola Comisión Académica, e daqueles outros asuntos que ésta lles delega.

Considérase que os mecanismos de supervisión establecidos son axeitados, dado que permiten establecer o progreso dos estudantes e darlles, no seu caso, pautas de mellora.

A Comisión Académica Interuniversitaria define as actividades formativas e as accións de seguimentos e supervisión, a saber:

1. Incorporación dos estudantes ós grupos de investigación.

Os estudantes están plenamente integrados nos grupos de investigación correspondentes, onde traballan nos seus respectivos temas de investigación, baixo a supervisión do seu director, en contacto con estudantes mais avanzados e, no seu caso, investigadores posdoutorais, que realizan unha función complementaria de supervisión adicional do estudante. A súa actividade no grupo de investigación inclúe a participación activa nos seminarios do grupo de investigación

2. Activades formativas transversais.

Ó longo do período de realización da tese, o estudante debe realizar diversas actividades formativas obrigatorias, podendo realizar actividades formativas optativas adicionais, todas elas evaluables.

Faise de seguido unha breve descrición de cada unha delas, así como una exposición do seu desenvolvemento.

a. **Avances recentes en Química (obligatoria).**-

- i. Cada curso académico, o estudante debe asistir a alomenos seis conferencias, a elixir libremente

de entre o panel de actividades organizadas ou recomendadas polo Programa de Doutoramento. Valga a título de exemplo, as conferencias organizadas en Santiago de Compostela polo Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS), publicitadas na súa páxina web: <http://www.usc.es/ciqus/es/node/120>. Na Universidade de Vigo organízase cada ano, ó amparo do Programa de Doutoramento, un simposio de dous días o que se invitan conferenciantes de excelencia de distintas áreas da Química, co obxectivo de facilitar os estudantes a realización de esta actividade.

- ii. Existe un procedemento de control de sinaturas de asistencia e a obriga de presentar un informe-resume crítico sobre cada unha das conferencias (<http://doctor-quimica-usc-es.webnode.es/actividades-formativas/avances-recientes-en-quimica/>).
- iii. Cada estudante rexistra esta actividade no caderno de actividades.
- iv. Está previsto, pero aínda no implementado, pasar unha enquisa de satisfacción coa actividade.

b. Estadía noutro centro de investigación (voluntaria).

- i. Estancia noutro centro de investigación, como parte da formación científica do doutorando de do fomento de colaboracións entre grupos de investigación. Consiste nunha estadía de alomenos tres meses en un ou varios centros de investigación externos ás universidades do consorcio, preferentemente internacionais, para poder optar o doutoramento internacional. Realízase preferentemente na segunda metade do período de tesis de doutoramento.
- ii. Cada estudante presenta unha proposta de estadía, coa conformidade do seu titor, que inclúe unha carta de aceptación polo centro de destino e indicación de quen será o titor externo.
- iii. A estadía é autorizada pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento.
- iv. Rematada a estadía, o alumno incorpora no seu caderno de actividades a certificación da estadía e unha memoria-resumo do traballo realizado

c. Xornadas científicas doutorais (obligatoria).

- i. Descrición da actividade
 - a. Minisimposio a celebrar rotativamente en Santiago e en Vigo, que incluírá:
 - Conferencias invitadas, impartidas por conferenciantes relevantes, preferentemente profesores visitantes.
 - Comunicaciones orais, nas que os doutorandos presentarán os aspectos máis relevantes da investigación realizada ó longo do curso académico.
 - Sesións de carteis, nas que cada estudante presentará un cartel relativo ó tema de investigación da súa tese de doutoramento
 - Planificación temporal:
 - Programada para ser realizada cada curso académico no mes de xuño.
- ii. Desenvolvemento da actividade
 - Esta actividade aínda non pudo ser implantada no formato interuniversitario desexado, por carecer o Programa de recursos económicos para afrontar os gastos, fundamentalmente os de desplazamento e manutención dos estudantes, dadas as limitacións económicas da USC, que é quen aporta a maioría dos estudantes do Programa.
 - Como alternativa, este curso académico 15/16 a actividade organizouse de xeito diferente nas dúas universidades do consorcio.
 - A Universidade de Vigo organizou a actividade a nivel local, ao contar cos recursos económicos mínimos precisos, toda vez que non requiriron desprazar estudantes.
 - A Universidade de Santiago optou pola participación dos estudantes na actividade que organiza anualmente a Escola Doctoral da USC, denominada Encontro da Xuventude Investigadora, que ten un formato en certo xeito similar o da actividade do Programa.
 - Os resultados acadados foron estimados como satisfactorios.

d. Redacción e presentación de resultados científicos no ámbito químico (optativa).

- i. Descrición da actividade
 - Trátase dunha actividade transversal que impartirá o Programa de Doutoramento, en tanto non sexa asumida polas Escolas Doctorais das universidades del consorcio. Inclúe formación na

tarea de redacción e presentación dun texto científico. Durante o curso, el alumno aprenderá a utilizar as ferramentas informáticas necesarias, como procesadores de texto, xestores de bases de datos, follas Excel e elaboración de tablas, software para facer presentacións, etc.

ii. Desenvolvemento da actividade

- Momentáneamente esta actividade está a ser asumida polos grupos de investigación, en tanto a Escola Doutoral da USC e a Escola Doutoral de Vigo non asumen a actividade, como unha actividade transversal propia do ámbito xeral destas Escolas, ou ben se regula a impartición deste tipo de actividades formativas por parte dos programas de doutoramento, incluído o recoñecemento académico ao profesorado que se ocuparía da súa impartición; así como a dotación dos medios económicos e materias precisos para impartila.
- Na Universidade de Vigo diseñouse un curso específico orientado a desenrolar esta actividade de carácter optativo que está impartido por profesores da Universidade (expertos nas ferramentas informáticas necesarias e no linguaxe) e que permite obter un título oficial da Universidade.

e. Publicación de artigos científicos (obrigatoria).

i. Descrición da actividade

- Fomento da publicación dos resultados da investigación en revistas científicas internacionais, establecéndose como norma que, para autorización da presentación de la tesis de doutoramento, o alumno teña alomenos publicado un artigo científico.

ii. Desenvolvemento da actividade

- O estudante no momento de depositar a súa tese de doutoramento deberá presentar un artigo científico ou xustificante de aceptación, o que quedará incorporado no seu caderno de actividades.
- O incumplimento de tal requisito supón a inadmisión do depósito da tese.

f. Asistencia a congresos e reunións científicas (obrigatoria).

i. Descrición da actividade

- Asistencia e participación activa en reunións científicas, congresos e simposios de ámbito nacional e/ou internacional, ao longo do período de realización da tese, aconsellándose a realización desta actividade na segunda parte do período de tese

ii. Desenvolvemento da actividade

- O estudante no momento de depositar a súa tese de doutoramento deberá ter rexistrada no caderno de actividades a certificación de asistencia, así como a comunicación presentada
- O incumplimento de tal requisito supón a inadmisión do depósito da tese.

g. Formación en actividades docentes (optativa).

i. Descrición da actividade

- O obxectivo desta actividade é a de contribuir á formación docente dos doutorandos, estimulando a súa interacción cos estudantes, a través de clases interactivas.
- Suporán 120 horas ao longo de período de realización da tese de doutoramento (3 anos), das que 80 horas serán presenciais.

ii. Desenvolvemento da actividade

- Esta actividade conleva unha complexidade académico-organizativa, que non permiteu a súa implantación inmediata
- Implantarase, na Universidade de Santiago de Compostela, o curso académico 2017/18.
- Na Universidade de Vigo implantouse no curso 2015/2016.

3. Supervisión anual.

A Subcomisión Académica da USC e a de Vigo evalúan, de xeito coordinado, o progreso de cada estudante en termos de investigación, formación, publicacións, docencia e progresión cara a finalización efectiva do doutoramento no tempo estipulado. O dito proceso é documentado mediante sendas aplicacións informativas (da USC e da UVI) dispoñibles nas Escolas Doutorais, nas que se reportan, nos cadernos de actividades dos alumnos, as actividades formativa e de investigación. Estas actividades deben de ser conformadas polos titores/directores de tese, que deben emitir un informe preceptivo sobre o progreso do alumno.

Consideración global:

- Considérase que as actividades formativas son axeitadas para a formación no ámbito de investigación do Programa e que os mecanismos descritos son axeitados para a correcta supervisión do traballo de investigación predoutoral.
- Procúrase implementar as actividades formativas dun xeito máis acorde co indicado na Memoria verificada da titulación, instando ás autoridades académicas a que desenvolvan a normativa requirida e faciliten os medios materiais precisos.

1.4.- Garántese unha adecuada coordinación no caso dos programas interuniversitarios e as colaboracións previstas na memoria desenvóléronse adecuadamente.

Aspectos a valorar:

- O funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.
- Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- *Funcionamento dos mecanismos de coordinación entre as universidades que imparten o programa.*
Como xa se indicou, o Programa de Doutoramento está dotado dunha Comisión Académica interuniversitaria, que garante a debida coordinación entre as universidades que imparten o Programa.
A Comisión, como tamén se indicou, organízase en dúas Subcomisión Delegadas, encargadas da xestión académica ordinaria en cada unha das universidades, de acordo cos criterios xerais acordados pola Comisión Interuniversitaria.
Os acordos relativos a cuestións xerais ou cuestións de alcance son competencia exclusiva da Comisión Interuniversitaria.
Os coordinadores locais de Santiago e de Vigo realizan as súas funcións en contacto cotidián.
- *Repercusión no programa das colaboracións con outras institucións, organismos ou centros, se se acadou o obxectivo establecido nas ditas colaboracións.*
Existen numerosas colaboracións externas a nivel dos grupos de investigación e investigadores do Programa.
O Programa está traballando no establecemento dun marco de colaboración con universidades do norte de Portugal, no marco do programa Interreg, da Unión Europea. De feito, apoia unha solicitude de financiamento formulada á FCT polas Universidades de Minho e a Universidade de Trás Os Montes, que foi concedida, e supón o compromiso de que catro estudantes becados deban realizar parte das súas teses de doutoramento no noso Programa.

1.5.- A institución dá resposta ás posibles recomendacións realizadas no Informe de verificación e no seu caso nos posibles informes de modificacións, así como ás que puideran conter os sucesivos informes de seguimento.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Efectivamente, a universidade coordinadora (a USC), de acordo coa universidade de Vigo, ven dando unha resposta razoable as recomendacións realizadas nos informes de verificación.

Especificamente, o Programa foi obxecto dunha verificación positiva en 2013, motivada pola obriga de adaptalo ó Real Decreto de 99/2011, de 28 de xaneiro. Acompañáronse como evidencias o informe provisional (desfavorable), as alegacións formuladas a este informe provisional e o informe definitivo favorable.

Cantos ás recomendacións contidas neste informe definitivo, a situación é a seguinte:

RECOMENDACIONES:

CRITERIO 6: RECURSOS HUMANOS

- En caso de considerar necesario el desglose de las líneas de investigación principales se debe realizar coherentemente, dando lugar a un número razonable de sublíneas, que agrupen a un *número suficiente de profesores del programa, con una capacidad investigadora y formativa acreditada. Este aspecto será objeto de especial revisión en el seguimiento del título.*
- *Se constata un desequilibrio en los grupos de investigación. Hay varios grupos unipersonales y otros en los que no se han dirigido tesis. Por otro lado, cada grupo está implicado, en general, en varias líneas de investigación. Se deben unificar las líneas de investigación y reducir el número de las mismas. Se debe justificar el desequilibrio existente en los grupos de investigación o en su caso, fomentar la dirección de tesis doctorales. Este aspecto será objeto de especial revisión en el seguimiento del título.*

Estas recomendacións entrañan unha dificultade nun programa de doutoramento do tamaño e complexidade do noso Programa. Iráselle dando cumprimento progresivamente na medida das posibilidades, con obxecto de non perturbar o funcionamento dos grupos de investigación.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características e os resultados do programa de doutoramento e dos procesos de xestión que garanten a súa calidade.

2.1.- A institución publica información obxectiva, completa e actualizada sobre o programa de doutoramento, as súas características, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o programa é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do programa e as súas posteriores modificacións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

As universidades do consorcio publican información veráz, completa e actualizada, sobre as características do Programa de Doutoramento, o seu desenvolvemento operativo e os resultados acadados.

A información relativa ó Programa de Doutoramento está dispoñible nas páxinas web seguintes:

- Universidade de Santiago de Compostela:
 - Páxina web xeral do Doutoramento:
http://www.usc.es/es/servizos/oiu/modules/news/news_0017.html
 - Páxina web oficial do Programa de Doutoramento.
<http://www.usc.es/doutoramentos/es/doctorados/ciencias/ciencia-tecnologia-quimica>
- Universidade de Vigo:
 - Páxina web xeral do Doutoramento:
http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/
 - Páxina web oficial do Programa de Doutoramento.
http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/oferta/cientifico/detalle.html?Num_Sistema_Ano_Academico=67&Cod_Plan_Nodo=V11D027P06
- Instrumentos comuns:

- Páxina web propia do Programa:
<http://doctor-quimica-usc-es.webnode.es/>
- Redes sociais:
<https://www.facebook.com/doctorquimicauscuvigo/>
<https://twitter.com/PDCyTQ>
- Contas de correo electrónico
doctor.quimica@usc.es

Nestes instrumentos informativos publican da forma máis completa e actualizada posible os datos precisos para que os grupos de interese podan levar a cabo con éxito ás súas actividades académicas, profesionais, docentes, de investigación e de xestión.

Ademais das informacións xerais referidas ó Programa, o Facebook e o Twitter do Programa incorporan noticias referentes ás actividades formativas, de seminación, premios, defensas de tese e testemuñas de antigos alumnos do Programa

2.2.- A institución garante un fácil acceso á información relevante de programa de doutoramento a todos os grupos de interese.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do programa a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A Escola Doutoral da USC e a de Vigo garanten a tódolos grupos de interese o acceso a toda a información relevante de todos os programas de doutoramento das respectivas universidades, a través das súas respectivas páxinas web, xa indicados no apartado 2.1.

- USC: http://www.usc.es/es/servizos/oju/modules/news/news_0017.html
- UVI: http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/

Información específica sobre este Programa de Doutoramento publicítase nas páxina web seguintes:

- Universidade de Santiago de Compostela:
 - Páxina web oficial do Programa de Doutoramento.
<http://www.usc.es/doutoramentos/es/doctorados/ciencias/ciencia-tecnologia-quimica>
- Universidade de Vigo:
 - Páxina web oficial do Programa de Doutoramento.
http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/oferta/cientifico/detalle.html?Num_Sistema_Ano_Academico=67&Cod_Plan_Nodo=V11D027P06
- Instrumentos interuniversitarios:
 - Páxina web propia do Programa:
<http://doctor-quimica-usc-es.webnode.es/>

2.3.- A institución fai público o SGC no que se enmarca o programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Garántese un fácil acceso á información relevante do SGC no que se enmarca o programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A páxina web interuniversitaria do Programa de Doutoramento ten previsto un apartado para a publicación de todos os aspectos relacionados coa Garantía de Calidade, donde momentaneamente está publicitada a

información dispoñible, á espera de que ás universidades do consorcio den instrución para a implantación do SGC dos programas de doutoramento.:

- <http://doctor-quimica-usc-es.webnode.es/garantia-de-calidad/>

USC:

Como xa se indica no Criterio 3, relativo ao SGC do CIEDUS, que alcanza os programas de doutoramento da USC, neste momento estase a traballar no deseño do mesmo. A nova estrutura de escolas de doutoramento (a creación destas escolas está en trámite actualmente) contemplará, ao igual que para facultades e escolas, unha ligazón nas súas páxinas web aos seus SGCs, procederase do mesmo xeito para o CIEDUS e as EDIs. A través desta ligazón farase pública a documentación do sistema (manual de calidade e manual de procesos e procedementos, así como outros documentos que o sistema determine, como poden ser as memorias de calidade), os informes de seguimento e renovación da acreditación dos títulos e os resultados e indicadores máis relevantes. Estes últimos tamén se poderán consultar na páxina da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos, tal e como se ven facendo para títulos de grao e mestrado.

UVIGO:

A información relevante sobre o sistema de garantía de calidade (SGC) do programa vai estar organizada de xeito centralizado na web da EIDO, na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/

Os contidos desta web están en fase de deseño e de execución. A estrutura inicial conterá información acerca de:

- A documentación do SGC: o manual de calidade, que inclúe a política e os obxectivos de calidade, e os procedementos.

A día de hoxe pódese acceder ao manual de calidade (validado na Comisión de Calidade) e ás propostas de procedementos xa elaboradas.

- A información relacionada cos programas de calidade que compoñen o ciclo de mellora do programa (VSMA: verificación, seguimento, modificación e renovación da acreditación).

- A documentación relacionada cos órganos responsables do SGIC (principalmente, as actas da comisión de calidade da EIDO e os seus acordos).

A día de hoxe pódese consultar a acta de constitución da Comisión de Calidade da EIDO.

- Outra información relacionada cos resultados do programa.

A Universidade de Vigo ten centralizada unha boa parte da información institucional no Portal de Transparencia, ao que se pode acceder directamente e en aberto desde a súa web principal, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>. Este portal garante un fácil acceso á información específica dos resultados dos indicadores dos programas de calidade da titulación, dispoñible no Portal de Transparencia / UVigo en cifras, na ligazón <https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/grupo/5>

O prazo previsto para terminar o desenvolvemento da web de calidade da Eido é o 3º trimestre de 2017

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO PROGRAMA

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE: A institución dispón dun SGC formalmente establecido e implantado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua do programa de doutoramento.

3.1.- O SGC implantado facilita os procesos de deseño e aprobación do programa de doutoramento, o seu seguimento, as modificacións e a renovación da acreditación.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo dende o SGC permiten introducir modificacións

para a mellora do programa.

- O seguimento das melloras do programa confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos propostos.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

USC:

A reflexión correspondente a este criterio, en todos os seus subcriterios (3.1, 3.2 e 3.3) pode atoparse na evidencia Informe_Criterio3_Doutoramento_02052017, onde se describe o deseño preliminar do SGC do CIEDUS, incluíndo un mapa de procesos orientativo. Prevese que o deseño do sistema estea rematado en breve, co obxecto de remitilo para a súa valoración e certificación do seu deseño.

Os procedementos relacionados co ciclo VSMA, así como a extinción dos mesmos, inclúense dentro do bloque de procesos clave. Entendendo que o SGC do CIEDUS, coas adaptacións oportunas para cada unha das EDIs, debe ser o marco de referencia para a garantía de calidade dos títulos, as evidencias que se xeren dentro do SGC incluírán todas aquelas necesarias para levar a cabo os procesos de seguimento e acreditación, e facilitar a toma de decisións de cara á mellora dos títulos. Esta información (que evidencia se xeraría en cada procedemento) inclúese nas táboas da sección anterior.

Como consecuencia da revisión do sistema, elaborárase un plan de melloras anual, recollendo aquelas melloras propostas a nivel de título que se deban realizar de xeito centralizado

UVIGO:

Deseño do SGC:

Os procesos de funcionamento do programa de doutoramento enmárcanse dentro do SGC da EIDO. Este SGC ten un carácter centralizado, isto é, abarca todos os programas de doutoramento oficiais adscritos a ela.

A estrutura deste sistema está actualmente en fase de deseño. Este deseño estase realizando traballando en diferentes niveis:

- Reunións coas outras dúas universidades do SUG (a USC e a UdC), que se veñen mantendo desde finais do ano 2016, cuxo obxectivo foi, considerando as directrices do programa Fides-Audit, debater sobre a identificación e organización dos procesos de funcionamento do sistema. Estas reunións conseguiron chegar a acordos ou ideas semellantes sobre os procesos básicos dos doutoramentos. O resultado disto foi o deseño xeral do Mapa de procesos do SGC da EIDO (marzo de 2017).
- En paralelo, un grupo de traballo arredor da Eido (Dirección da Eido, Área de Calidade, Sección de Posgrao) vén tendo reunións periódicas, desde o comezo de 2017, para desenvolver a estrutura e a documentación do SGC. O resultado disto foi a elaboración da Estrutura do SGC provisional da Eido que foi aprobada no Comité de Dirección da Eido do 12/03/2015.

Comisión de Calidade da Eido:

A Comisión de Calidade da Eido constitúese, conforme establece a Estrutura do SGC provisional, o día 27/04/2017

Na mesma reunión nomeouse tamén a persoa coordinadora de calidade da Eido.

Ademais, a Comisión de Calidade, nesta primeira reunión, debateu e validou o Manual de Calidade da Eido, que, unha vez aprobado na seguinte reunión do Comité de Dirección (prevista para xullo de 2017), anulará e substituirá á Estrutura do SGC provisional. O Manual de Calidade incorpora, de xeito destacable:

- A presentación e estrutura académica e administrativa da Eido, de acordo co seu Regulamento de réxime interno (RRI),

- A estrutura organizativa e de responsabilidades institucionais e específicas da Eido sobre calidade (estas últimas están coordinadas no comité de dirección, dirección, comisión de calidade, coordinación de calidade e comisións académicas dos programas de doutoramento –CAPD-).
- O alcance, obxectivos xerais, directrices e marco lexislativo e normativo do SGC
- o mapa de procesos definitivo, que será o marco para desenvolver os procedementos do SGC.

Formando parte do Manual, a Comisión debateu tamén e validou a Política e Obxectivos de Calidade da Eido, que serán aprobados, se procede, tamén no vindeiro Comité de Dirección.

As actas da Comisión de Calidade poden atoparse na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/comision/

O Manual de Calidade coa Política e os Obxectivos de Calidade poden atoparse na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/

Desenvolvemento da documentación do SGC:

Ademais do traballo sobre o Manual de Calidade, o grupo mencionado máis arriba comezou a traballar no desenvolvemento dos procedementos do SGC. As propostas deste documentos irán debaténdose progresivamente na Comisión de Calidade, que os validará, e no Comité de Dirección, que os aprobará.

O mapa de procesos do SGC da Eido (véxase o Manual de calidade) identifica un total de 18 procesos. A día de hoxe están avanzados, en estado de proposta, un total de 10 procedementos que desenvolven estes procesos. Son os seguintes:

- DE-01 Planificación e desenvolvemento estratéxico e DE-02 Revisión do SGC pola dirección (procesos de Dirección estratéxica)
- MC-01 Xestión de queixas, suxestións e parabéns e MC-02 Medición da satisfacción (procesos de Xestión da calidade e mellora continua)
- XP-01 Deseño e verificación; XP-02 Seguimento, modificación e acreditación e XP-03 Suspensión e extinción (procesos de Xestión dos programas)
- XD-01 Control dos documentos e XD-02 Control dos rexistros (procesos de Xestión documental)
- IP-01 Información pública e rendemento de contas (proceso de Información pública)

Quedan pendentes:

- FI-01 Aprendizaxe e avaliación dos doutorandos/as; FI-02 Xestión da mobilidade e FI-03 Autorización e defensa da tese (procesos de Formación dos investigadores/as)
- AC-01 Admisión e AC-02 Atención ao estudantado e orientación profesional (procesos de Xestión académica)
- PE-01 Xestión do persoal de apoio e PE-02 Xestión do persoal académico (procesos de Xestión do persoal)
- IA-01 Xestión dos recursos materiais e dos servizos (proceso de Xestión da infraestrutura).

O desenvolvemento deste procedementos está orientado a facilitar e garantir os procesos de deseño, implantación, mellora e renovación da acreditación dos programas de doutoramento asociados á Eido (o ciclo VSMA). Para isto, este traballo enfócase en 3 eixes:

- O respecto da lexislación e normativa,
- A aplicación das esixencias do programa Fides-Audit e do resto dos programas da ACSUG que afectan aos doutoramentos e

- A experiencia obtida nos procesos de deseño, implantación, acreditación e certificación dos centros e dos títulos de grao e mestrado (SGC dos centros), que permiten traballar con criterios de simplificación e eficiencia.

O prazo previsto para terminar este desenvolvemento é o 4º trimestre de 2017 (os detalles desta actividade poden atoparse na acción de mellora que se xunta).

As propostas de procedementos poden atoparse na ligazón:

http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/centros/vigo/eido/calidade/

3.2.- O SGC implantado garante a recollida de información e dos resultados relevantes para a toma de decisións e a xestión eficiente do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e utilízaos para a toma de decisións e a mellora da calidade do programa, desenvólvense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

USC:

A reflexión correspondente a este criterio, en todos os seus subcriterios (3.1, 3.2 e 3.3) pode atoparse na evidencia Informe_Criterio3_Doutoramento_02052017, onde se describe o deseño preliminar do SGC do CIEDUS, incluíndo un mapa de procesos orientativo. Prevese que o deseño do sistema estea rematado en breve, co obxecto de remitilo para a súa valoración e certificación do seu deseño.

Ademais da xeración das evidencias precisas para a revisión do sistema, e como apoio aos procesos de seguimento e renovación da acreditación, xa neste proxecto piloto de seguimento, se teñen elaborado os informes de indicadores recollendo a información requirida pola ACSUG. A definición concreta dos indicadores figura nos informes que se achegan, e en xeral, resultan útiles para a reflexión sobre o funcionamento dos programas e a conseguinte toma de decisións. Con todo, despois deste proxecto piloto, e xa coa visión das Comisións Académicas dos Programas de Doutoramento, cómpre reflexionar sobre a adecuación dalgúns dos indicadores propostos.

Un aspecto importante é o relativo á obtención de información sobre necesidades, expectativas e satisfacción dos grupos de interese. Unha vez identificados os grupos principais, defíniranse os mecanismos adecuados para a recompilación da información e para garantir a súa participación no deseño, implantación e mellora do SGC. Neste aspecto, cómpre salientar que a recollida de información sobre dous colectivos de referencia como é o alumnado dos programas e o persoal académico que dirixe e/ou titoriza teses de doutoramento en relación á súa satisfacción co proceso formativo, formará parte da implantación da estratexia "HR Excellence in Research", coa que foi recoñecida a USC a través do programa EURAXESS-Research in Motion da Comisión Europea.

UVIGO:

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan:

-Establecer os resultados previstos para os programas (procedementos de Deseño e verificación dos programas e de Seguimento, modificación e acreditación dos programas) a partir de datos históricos e/ou de estimacións futuras.

- Medir os resultados alcanzados polo programa, tanto en cada curso académico como na súa evolución, no que atinxe ao rendemento académico, satisfacción, cualificación do persoal, mobilidade, inserción laboral...(procedementos do proceso de Formación dos/as investigadores/as, Medición da satisfacción, Xestión do

persoal, Xestión de Queixas, Suxestións e Parabéns..); analizar esta información e tomar accións de mellora (procedementos de Seguimento, modificación e acreditación dos programas e de Revisión do sistema pola dirección)

-Publicar e difundir estes resultados para que estean dispoñibles e sexan accesibles, tanto para responsables do SGC do programa como para a sociedade en xeral.

A información pública respecto destes resultados pode atoparse no Portal de transparencia da Universidade de Vigo, con acceso a partir do vínculo

<https://seix.uvigo.es/uv/web/transparencia/>

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense plans de mellora para optimizalo.

Aspectos a valorar:


- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- A implicación de todos os grupos de interese no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

USC:

A reflexión correspondente a este criterio, en todos os seus subcriterios (3.1, 3.2 e 3.3) pode atoparse na evidencia Informe_Criterio3_Doutoramento_02052017, onde se describe o deseño preliminar do SGC do CIEDUS, incluíndo un mapa de procesos orientativo. Prevese que o deseño do sistema estea rematado en breve, co obxecto de remitilo para a súa valoración e certificación do seu deseño.

Tal e como se contempla no mapa de procesos da Figura 2, inclúese no bloque de procesos estratéxicos o procedemento relacionado coa revisión e actualización do SGC. Ao tratarse dun sistema a nivel de CIEDUS, con adaptacións para cada EDI, con periodicidade anual estableceranse os mecanismos adecuados para que a revisión do funcionamento do SGC sexa efectiva, deseñando os plans de mellora que resulten oportunos. Cabe salientar neste aspecto a importancia que terá o proceso de seguimento e renovación da acreditación dos títulos de doutoramento.



UVIGO:

Revisión do SGC

O deseño e o desenvolvemento do SGC do programa de doutoramento estase orientando para contar con mecanismos e procedementos que permitan analizar e revisar o SGC periodicamente (procedemento de Revisión do sistema pola dirección). Esa revisión, dirixida pola dirección da Eido, contará cos grupos de interese determinados no Manual de Calidade (ex.: Comisión de Calidade) e no propio procedemento, e dará lugar aos plans de mellora que se consideren.

A primeira revisión pola dirección está prevista, en coherencia co desenvolvemento dos procedementos (véxase acción de mellora) para o 4º trimestre de 2018, despois de rematar o deseño destes e tras comezar a súa implantación. A documentación completa cos procedementos aprobados prevese enviar, para certificar o seu deseño pola ACSUG, no 1º trimestre de 2018

Participación dos grupos de interese:

Como se comentou anteriormente, o proceso de deseño do SGC estase desenvolvemento de xeito participativo no que están implicados:

- as persoas do grupo de traballo, que, ademais do persoal da Eido, forman parte de diferentes servizos relacionados coa escola,
- os membros da comisión de calidade da Eido, que representan os diversos colectivos relacionados co doutoramento
- os membros do comité de dirección, que é o órgano colexiado de representación e de decisión da Eido.

Este proceso está regulado, ademais do establecido no Manual de Calidade, no procedemento de Control dos documentos.

A medida que os procedementos se vaian deseñando e implantando, irán xerando os rexistros de calidade ou evidencias(véxase procedemento de Control dos rexistros) que manifestarán o resultados do funcionamento dos procesos e da aplicación da política e dos obxectivos de calidade aprobados.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS: O PDI é suficiente e axeitado, de acordo coas características do programa, o ámbito científico e o número de estudantes.

4.1.- O PDI reúne os requisitos esixidos para a súa participación no programa e acredita a súa experiencia investigadora.

Aspectos a valorar:

- O PDI que participa no programa conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo e é acorde coas previsións incluídas na memoria verificada. Débese actualizar a información proporcionada no momento da verificación.
- A institución ofrece oportunidades ao PDI e de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do PDI en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Este Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química conta con un abano amplo de supervisores de tese (ver EPD 19. Táboa 1. PDI do Programa de doutoramento), distribuídos nas cinco áreas de investigación do Programa (**Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química Orgánica**) e, a súa vez, en diversos grupos de investigación (ver evidencia EPD 20. Táboa 2. Grupos de investigación). A práctica totalidade ten adicación exclusiva á investigación e a docencia.

Leva a cabo proxectos de investigación, boa parte deles de excelencia, que permiten cubrir con total garantía as necesidades docentes do Programa (84 estudantes na USC e 18 na UVI). Trátase de académicos de recoñecido prestixio e longa traxectoria, avalados por:

- **Número e cuantía de proxectos de investigación financiados.**

Ver evidencia EPD 21. Táboa 3. Proxectos de investigación competitivos activos en cada grupo

- **Número de publicacións en revistas científicas de impacto**

Ver evidencia EPD 24. Táboa 5. Contribucións científicas relevantes (anos 2015 e 2016)

Preséntase aquí a título orientativo unha táboa que recolle o número de publicación da Unidade de Santiago de Compostela do Programa durante os anos 2015 e 2016 (85 artigos científicos), das que un ou máis autores son estudantes do Programa, organizadas segundo nome da revista e índice de impacto.

Nome revista	Nº artigos	Índice Impacto
ACS Nano	2	13,334
Journal of the American Chemical Society	2	13,038
Angewandte Chemie, International Edition	5	11,709
ACS catalysis	2	9,307
Chemical Science	4	9,144
Small	2	8,315
Organic Letters	4	6,732
Chemical communications	4	6,567
Chemistry - A European Journal	1	5,771
Polymer Chemistry	1	5,687


Journal of Medicinal Chemistry	2	5,589
Water Research	2	5,323
Antioxidants	2	5,13
Inorganic chemistry	4	4,820
Journal of Nutritional Biochemistry	1	4,668
The Journal of nutritional biochemistry	1	4,668
Analytica Chimica Acta	2	4,513
Journal of Physical Chemistry	1	4,509
Physical chemistry chemical physics	4	4,449
Organometallics	2	4,186
Dalton Transactions	2	4,177
Food Chemistry	2	4,052
Talanta	2	4,035
Journal of Steroid Biochemistry and Molecular Biology	4	3,985
The Journal of steroid biochemistry and molecular biology	2	3,985
CrystEngComm	1	3,849
Organic & biomolecular chemistry	4	3,559
ChemNanoMat	1	3,176
Analytical and Bioanalytical Chemistry	6	3,125
Computational & Theoretical Chemistry	1	2,328
Polyhedron	2	2,108
Inorganica Chimica Acta	1	1,918
Analytical Methods	1	1,915
Food Additives & Contaminants	2	1,878
International Journal of Food Properties	1	1,586
European Food Research and Technology	1	1,433
LWT--Food Science and Technology	1	0,699
Metal ions in life sciences	1	
Número total de artigos publicados	85	

• **Número de tramos de investigación .**

Inclúense aquí táboas e gráficas de distintos indicadores, facilitadas por la Unidade de Calidade de USC, que constitúen un elemento adicional para poñer de manifesto a elevada cualificación académica do PDI que ten ó seu cargo este Programa de Doutoramento.


Código	ID-25
Nome	Número total de sexenios
Procedemento de Cálculo	Sumatorio do número de sexenios total do PDI do PD

	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015- 2016
Total	341,00	351,00	352,00




Código	ID-26
Nome	Número medio de sexenios por PDI
Procedemento de Cálculo	X=Sumatorio sexenios PDI do PD/PDI do PD

	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016
Total	3,28	3,44	3,49




Código	ID-27
Nome	Porcentaxe de PDI con sexenios
Procedemento de Cálculo	$X = \text{n}^\circ \text{ PDI con sexenios} / \text{n}^\circ \text{ PDI con opción a sexenios}$

	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016
Total	98,08	100,00	99,01



Código	ID-28
Nome	Porcentaxe de PDI con sexenios vivos
Procedemento de Cálculo	$X = \text{n}^\circ \text{ PDI con sexenios vivos} / \text{n}^\circ \text{ PDI con opción a sexenios}$

	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016
Total	90,38	93,14	89,11



4.2.- O PDI é suficiente e ten a dedicación necesaria para desenvolver as súas funcións de forma axeitada, considerando o número de estudantes en cada liña de investigación e a natureza e características do programa de doutoramento.

Aspectos a valorar:

- O PDI é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A plantilla de PDI coa que conta o Programa de Doutoramento aparece sumariada na táboa seguinte, na que se inclúe tamén a participación na dirección de teses de doutoramento e o número total de sexenios:

		nº de PDI	nº teses	nº sexenios
USC	Catedráticos/as de Universidade	28	81	146
USC	Profesores/ Contratados/as Doutores/as	10	10	20
USC	Profesores/as Titulares de Universidade	63	121	205
UVIGO	Catedráticos/as de Universidade	10	30	40
UVIGO	Profesores/as Titulares de Universidade	17	30	51
Totales		128	272	462

No Programa de Doutoramento non existe límite superior canto ó número de estudantes por supervisor. Isto non constitúe ningún problema, canto a atención que reciben os estudantes, toda vez que os grupos con moitos doutorandos son grupos de investigación nos que existe unha supervisión complementaria de investigadores posdoutorais, e, ademais, tales grupos solo contar con máis dun PDI, existindo en moitos casos máis dun supervisor de tese.

Tense identificada a necesidade de recoller información respecto á satisfacción do PDI involucrado na dirección de teses de doutoramento, polo que se propón una acción de mellora con tal finalidade.

4.3.- O programa de doutoramento conta con mecanismos de recoñecemento da labor de titorización e dirección de teses.

Aspectos a valorar:

- Os mecanismos de recoñecemento do labor de titorización e dirección de teses que a institución ten posto en marcha a través da correspondente normativa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Todos eles son profesores das áreas de Química Analítica, Química Física, Química Inorgánica e Química Orgánica da USC (Campus de Compostela e Campus de Lugo) e da UVI (Campus de Vigo).
- Todos eles combinan a adicación á investigación co cumprimento das súas obrigas docentes. A cuantía desta nos é a mesma para todo o PDI. Depende da súa adicación á investigación, tarefa pola que poden ver reducidas as súas obrigas docente nunha cuantía de ata 120 horas anuais, segundo criterios de investigación (teses de doutoramento dirixidas, proxectos de investigación financiados e tramos de investigación).
- Os centros de investigación ligados o Programa de Doutoramento, moi especialmente o CIQUS, convocan contratos para promover a dirección de teses de doutoramento, que se engaden ás que convocan os propios grupos de investigación, fundamentalmente os que participan en proxectos europeos (Advanced Grants, Starting Grants, etc.) e os Grupos de Referencia Competitiva da

Xunta de Galicia.

- Engadido a isto, o Programa de Doutoramento promove que os estudantes presenten solicitudes ás diferentes convocatorias de bolsas para a realización de teses de doutoramento: programas FPU, FPI, programas de estadías, bolsas da Xunta de Galicia, bolsas europeas, bolsas de empresas e institucións, etc.

Convén remarcar que os estudantes de doutoramento son pezas clave nos proxectos de investigación financiados, e, polo tanto, a súa labor está integrada na dos grupos de investigación, liñas preferentes e publicacións científicas dos supervisores.

Como conclusión, consideramos que os doutorandos son o principal axente de investigación innovadora e internacional do noso Programa, e cremos que contamos coas accións precisas para fomentar a dirección de teses de doutoramento.

4.4.- O grao de internacionalización do programa: a participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e tribunais de teses é axeitada segundo o ámbito científico do programa.

Aspectos a valorar:

- O grao de internacionalización do programa analizarase a partir de datos como o grao de participación de expertos internacionais nas comisións de seguimento e nos tribunais de teses. Valorarase o número de colaboracións e a estabilidade no tempo das ditas colaboracións.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Como xa se indicou en apartados previos, aínda que a maioría dos grupos de investigación do Programa teñen un nivel de internacionalización elevado, o Programa, como tal, non ten formalizadas mediante convenios estas colaboracións.
- É frecuente a participación de expertos internacionais nos tribunais das teses de doutoramento. Circunstancialmente, nas tres teses ata agora lidas no programa non participou ningún.
- O Programa aínda non se dotou dunha Comisión de Seguimento. É unha posibilidade que se contempla, incluída a inclusión nela de expertos internacionais.

4.5.- O persoal de apoio que participa no desenvolvemento do programa é suficiente e adecuado en función das características do mesmo e do número de estudantes matriculados.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender ao persoal docente e estudantes do programa.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O apoio administrativo aos programas de doutoramento está articulado na USC e na Uvigo en diferentes niveis:

Para cada programa de doutoramento:

- Xestións administrativas do alumnado (admisión, matrícula, baixas e prórrogas, expedición de títulos...) a través do Servizo de Xestión Académica e as Unidades de Xestión Académica.
- Desenvolvemento ordinario dos doutoramentos e trámites relacionados coas teses a través do persoal de administración vinculado ás Escolas de Doutoramento e do Centro Internacional de Estudos de doutoramento (CIEDUS-USC) e a Escola Internacional de Doutoramento (EIDO-Uvigo).
- Para o apoio ás CAPD nas súas competencias, o programa conta co persoal de apoio á coordinación na USC, situado no centro ao que estea vinculado a persoa coordinadora.

A nivel xeral:

- Apoio á oferta, verificación e modificación de programas de doutoramento (Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica [SXOPRA])
- Apoio ao seguimento e acreditación dos programas a través da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (ACMP)

Por outra parte, existen tamén os servizos xerais de apoio á investigación. Para dar cobertura aos requirimentos da actividade investigadora, a USC e a Uvigo contán con unidades de carácter centralizado que prestan os seus servizos a departamentos e grupos de investigación:

- a Biblioteca Universitaria que é unha unidade funcional concibida como un centro de recursos bibliográficos para a docencia, a investigación, o estudo e a aprendizaxe.
- Arquivo Universitario constitúe unha unidade funcional de apoio á investigación e á docencia. Está constituído por fondos documentais propios ou en depósito.
- a Rede de Infraestruturas de Apoio á Investigación e ao Desenvolvemento Tecnolóxico (RIADT) é a estrutura organizativa que integra as infraestruturas instrumentais de uso común que prestan servizos de apoio á investigación da USC.

Para este Programa de Doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química:

- Apoio administrativo ordinario do administrativo do Departamento de Química Orgánica da USC.
- Apoio complementario da Unidade de Xestión e do Persoal de Servizos da Facultade de Química da USC.
- Apoio complementario do Personal de Administración e Servizos do Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares da USC (CIQUS-USC).

Oportunidades de formación:

En relación coas oportunidades de formación, a USC dispón dun programa de formación para Persoal de Administración e Servizos cun obxectivo múltiple, tal e como expresa o Plan Estratéxico da USC 2011-2020 : prover ao persoal de formación e habilidades en eidos diversos que lles permitan avanzar na súa carreira profesional, desenvolver o seu talento e mellorar as oportunidades de promoción, ao tempo que atende ás necesidades da Universidade.

Existe unha partida orzamentaria coa que de xeito anual, o Servizo de Planificación e Programación de PAS planifica e xestiona ese Programa, tendo en conta as necesidades de formación que se detectan a través das fontes documentais e persoais que se achegan desde distintos servizos e unidades.

Valoración da Comisión Académica do Programa de Doutoramento:

A Comisión Académica do Programa de Doutoramento considera que o apoio administrativo, na USC, nos tres niveis indicados es axeitado e suficiente.

Considera, sin embargo, que a dotación económica que recibe o Programa para a xestión académica e administrativa é absolutamente insuficiente para afrontar as necesidades financeiras, motivo polo que, como xa se indicou que houbo que acudir a formas de implantación das actividades formativas asumibles economicamente, pero non totalmente satisfactorias.

A Comisión ten coñecemento e valora positivamente plans que coñece que manexan as Escolas Doutorais, para mellorar sustancialmente a financiación dos programas de doutoramento.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS: Os recursos materiais e os servizos postos a disposición para o desenvolvemento das actividades previstas son os axeitados, en función das características do programa de doutoramento, o ámbito científico e o número de doutorandos.

5.1.- Os recursos materiais dispoñibles son suficientes e axeitados en relación ao número de doutorandos de cada liña de investigación e á natureza e características do programa.

Aspectos a valorar:

- Os recursos materiais e outros medios dispoñibles (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) son adecuados en función do número de estudantes do programa.
- Cumprimento da previsión establecida na memoria verificada sobre a obtención de recursos externos e bolsas de viaxe que faciliten a asistencia a congresos e estadias no estranxeiro ou outras universidades.
- No seu caso, a universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O Programa de Doutoramento conta con medios materiais e outros medios precisos para o seu desenvolvemento (laboratorios, talleres, bibliotecas, acceso a fontes documentais, recursos informáticos, etc.) en cuantía suficiente, tanto en Santiago e en Vigo. Son medios adecuados en, en gran medida, de elevada calidade.

Os medios materiais están distribuídos entre as Facultades, Centros e Institutos de Investigación nos que están ubicados os grupos de investigación que participan no Programa, así como con acceso ó equipamento instrumentais dos Servizos Xerais de Apoio á Investigación con que contan as dúas universidades do consorcio.

- USC:
 - Facultade de Química: <http://www.usc.es/quimica>
 - Centro Singular de Investigación en Química Biolóxica y Materiales Moleculares (CIQUS) (<http://www.usc.es/ciqus>).
 - Instituto de Investigaciones y Análisis Alimentarios (<http://www.usc.es/gl/institutos/iiaa/index.html>).
 - Instituto de Investigacións Tecnolóxicas (<http://www.usc.es/gl/institutos/iit/index.html>).
 - Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico da USC:
- UVI:
 - Facultade de Química: <http://quimica.uvigo.es/>
 - Centro de Investigación Biomédica (CINBIO) (<http://cinbio.es/en/portada-en/>).
 - Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación: <http://cactiweb.webs.uvigo.es/Joomla/index.php>
- Todos os estudantes do Programa contan con un espazo e equipamento científico e informático individual nas instalacións de traballo.
- As universidades proporciona acceso a licencias para software preciso para a investigación, tanto de carácter xeral, como específico para o ón.tema de investigación.
- Teñen acceso aos fondos bibliográficos de que dispoñen a Biblioteca Xeral da USC e a de Vigo, tanto nas súas sedes centrais, como nas dos centros, así como aos recursos electrónicos e individuais.
 - <http://www.usc.es/gl/servizos/biblioteca/>

- <http://www.biblioteca.uvigo.es/>

5.2.- Os servizos de orientación académica responden as necesidades do proceso de formación dos estudantes como investigadores.

Aspectos a valorar:

- Os servizos de orientación académica e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,...) postos a súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríentano no funcionamento da institución.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os diferentes aspectos a valorar neste apartado refírense a cuestións que corren a cargo das respectivas Escolas Doutorais das dúas universidades de consorcio.

Na opinión da Comisión Académica deste Programa responden en liñas xerais ás necesidades do proceso de formación dos estudantes e dos investigadores.

Estás accións complementáanse coas que leva a cabo o propio Programa, de difusión entre o alumnado potencial, fundamentalmente entre os estudantes de másteres do SUG e do norte de Portugal que dan acceso ó Doctorado. (difusión mediante páxinas web, catelería e organización de reunións informativas nas universidades)

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DO PROGRAMA FORMATIVO: Os resultados de aprendizaxe correspóndense co nivel 4 do MECES. Os resultados dos indicadores do programa do doutoramento son adecuados ás súas características e ao contexto socio-económico e investigador.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o programa

Aspectos a valorar:

- As teses de doutoramento, as actividades formativas e a súa avaliación son coherentes co perfil de formación e co nivel 4 do MECES.
- As contribucións científicas derivadas da tese de doutoramento, tanto as previas á súa defensa como as realizadas posteriormente, poñen de manifesto a adquisición das competencias do programa.

6.2.- Os resultados dos indicadores académicos do programa de doutoramento e a súa evolución son axeitados e coherentes coas previsións establecidas na memoria verificada

Aspectos a valorar:


- Valoración da estimación dos resultados previstos na memoria para o programa de doutoramento, analizando as diferentes taxas, as teses defendidas e as contribucións científicas derivadas das teses.
- Os resultados dos indicadores téñense en conta para a mellora do programa e revisión do programa.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

- Programa ten producido en Santiago ata o curso académico 2015/16 (incluído) so tres teses de doutoramento (unha delas dun estudante adaptado) e aínda ningunha en Vigo, o que é lóxico, tendo en conta que na súa modalidade actual implantouse o curso académico 2013/14.

Código	ID-31
Nome	Número de teses defendidas.
Procedemento de Cálculo	X= nº de teses defendidas


	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016
Total	0,00	0,00	2,00



- Unha das teses foi presentada en galego e outra en inglés.
- A duración media dos estudos das dúas teses, realizadas a tempo completo, foi de 3,05 anos, como se indica na táboa e gráfica seguintes.

Código	ID-38
Nome	Duración media dos estudos a tempo completo
Procedemento de Cálculo	Duración media dos estudos a tempo completo


	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016
Total	-	-	3,05



- Consecuentemente, ata o curso obxecto de seguimento (2015/16) ningún estudante tuvo que solicitar prórroga para a defensa da tese.
- Canto á cualificación recibida, foi de “cum laude” nos dou casos.

Código	ID-43
Nome	Porcentaxe de teses coa cualificación de “cum laude”.
Procedemento de Cálculo	$X = \text{n}^\circ \text{ de teses con "cum laude"} / \text{ID-31}$


	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016
Total (%)	-	-	100,00



- Una das dúas teses recibeu a mención internacional.

Código	ID-44
Nome	Porcentaxe de teses con mención internacional.
Procedemento de Cálculo	$X = \text{n}^\circ \text{ de teses con mención internacional} / \text{ID-31}$

	Curso 2013-2014	Curso 2014-2015	Curso 2015-2016
Total (%)	-	-	50,00



- Finalmente, é relevante indicar que a porcentaxe de abandono momentaneamente é do 0%.

• AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS.

As actividades formativas do Programa son axeitadas para as súas características. Proba disto e o aínda este limitado número de teses producidas, de constratable calidade, que ven a dar, en definitiva, continuidade a gran calidade da inmensa maioría das teses producidas polo Programa, na súa modalidade previa, vixente dende a súa implantación en 2007 ata a súa adaptación ó Real Decreto 99/2011, levada a cabo en 2013.

A produción científica do Programa ligada ás teses de doutoramento en marcha (que se aporta), augura asimismo un número importante de teses de doutoramento de calidade nos cursos posteriores o curso avaliado (2015/16).

En concreto, as actividades formativas detallados no apartado 1.3 permiten evaluar que o estudante ten adquiridas as competencias e habilidades ligadas a estas actividades, entre elas as seguinte: seguintes:

- Competencias transversais propias da investigación.
- Competencia de propoñer una tese factible e con fundamento, na que se avalian aspectos como o estado da arte, a capacidade para formular tal proposta e o dominio das ferramentas empregadas para a súa formulación.
- Ter acadado os obxectivos anuais de investigación, mediante unha avaliación na que interveñen o director da tese, o responsable de Programa, na que se teñen en conta a progresión cara a tese de doutoramento, e o informe do director da tese sobre as aportacións científicas e os resultados derivados, como publicacións, estadías, etc.

• CONTRIBUCIÓN CIENTÍFICAS DERIVADAS DAS TESES.

As dúas teses doutorais deron lugar xa a publicacións científicas, que se inclúen como evidencia do indicador correspondente.

• VALORACIÓN DE CONXUNTO.

A Comisión Académica considera que existe aínda información e datos moi escasos sobre que os resultados dos indicadores académicos do Programa e a súa evolución.

En todo caso, os existentes apuntan na boa dirección, en relación coas previsións establecidas na

memoria verificada.
6.3.- Os indicadores son adecuados ao perfil dos estudantes, de acordo co ámbito científico do programa
Aspectos a valorar: Analizar, á vista dos resultados obtidos polo programa no período avaliado, tendo en conta o perfil dos estudantes, as características do programa e o ámbito científico.
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: A pesares do aínda curto recorrido do Programa de Doutoramento, os indicadores proporcionan resultados satisfactorios e resultados prometedores, tanto no que se refire ó perfil dos estudantes, como os resultados acadados no que se refire á captación de recursos económicos, como á produción científica. Son algo menos satisfactorios os referidos ás actividades formativas, ó desfase entre o número de prazas ofertadas e número de alumnos matriculados, e o aínda escaso número de estudantes que realizan estadias noutras institucións investigadoras.
6.4.- A satisfacción do estudantado, do PDI, dos egresados e doutros grupos de interese é axeitada.
Aspectos a valorar: - Análise dos indicadores de satisfacción de estudantes, PDI, egresados e outros grupos de interese. - Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do programa.
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: - Non existen datos de satisfacción dos estudantes, egresados e outros grupos de interese, polo que os indicadores de satisfacción non aportan aínda información de interese para a mellora do Programa. - Ista é a razón pola que este informe de seguimento do Programa inclúe una proposta de mellora, destinada a deseñar e realizar unha enquisa do estudantado e do PDI do Programa, cuestión de alcance para a mellora do mesmo.
6.5.- A inserción laboral dos egresados é coherente co contexto socioeconómico e investigador do programa.
Aspectos a valorar: - Análise da inserción laboral dos doutores/as tendo en conta os datos e estimacións que se inclúan na memoria verificada. - Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do programa. - Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.
Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Dado o escaso recorrido temporal do Programa, na súa formulación actual, e o conseguintemente escaso número de doutores producido, non existen aínda datos de inserción laboral de egresados.

• MODIFICACIÓNS DO PLAN DE ESTUDOS	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN
Supresión da relación de materias designadas para a realización de complemento de formación: Profundización en Química Analítica, Profundización en Química Física, Profundización en Química Inorgánica, Profundización en Química Orgánica, Análise Estructural Avanzada.	Estas materias corresponden a versión primeira do plano de estudos do Máster en Investigación Química e Química Industrial, que se extingue o curso académico 2016/2017, en que se implanta un novo plan de estudos para esta titulación, no que desaparecen estas materias.
Establecer complementos de formación a cursar, no seu caso, por alumno admitidos no Programa de Doutoramento, as materias seguintes: Materias obligatorias e optativas do plano de estudos do Máster en Investigación Química e Química Industrial e/ou do Máster en Química Orgánica, a determinar pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento, en funcións dos déficits de formación previa do estudiantado	- Necesidade de establecer unha nova relación de materias de complementos de formación, pola razón indicada de extinción do actual plan de estudos do Máster en Investigación Química e Química Industrial. - Oportunidade que representa dispoñer dun abano amplo de materias dos plans de estudos do Máster en Investigación Química e Química Industrial e do Máster en Química Orgánica, para elixir ás materias máis apropiadas para cada alumno concreto que teña que cursar complemento de formación para acceder o Programa de Doutoramento.

• **PLAN DE MELLORAS**

Código	AM-PDCyTQ-1
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Tense identificada a necesidade de recoller información sobor da satisfacción do profesorado involucrado na dirección de tesis de doutoramento. Non se dispoñen de datos ó respecto
Definición/ descrición proposta	Ter datos de satisfacción dos directores de teses de doutoramento sobre os diversos aspectos asociados o Programa e á súa implementación
Datas	Inicio: 01/06/1917; Finalización: 31/12/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa ; Eficacia :--; Data Estado: 15/05/2017
Responsables	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Tarefa1	AM-PDCyTQ-1-T-1
Descrición tarefa	Deseñar unha enquisa de satisfacción de directores de teses de doutoramento.
Data prevista de finalización	30/07/2017
Responsable	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento
Estado	Activa
Tarefa2	AM-PDCyTQ-1-T-2
Descrición tarefa	Realización e análise da enquisa
Data prevista de finalización	31/12/2017
Responsable	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Estado	Activa

Código	AM-PDCyTQ-2
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento
Análise causa	Tense identificada a necesidade de recoller información sobor da satisfacción do alumnado do doutoramento. Non se dispoñen de datos ó respecto
Definición/ descrición proposta	Ter datos de satisfacción dos alumnos sobre os diversos aspectos asociados ó Programa e á súa implementación.
Datas	Inicio: 01/06/2017; Finalización: 31/12/2017
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia :; Data Estado: 01/06/2017
Responsables	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Tarefa1	AM-PDCyTQ-1-T-1
Descrición tarefa	Deseñar unha enquisa de satisfacción de directores de teses de doutoramento.
Data prevista de finalización	31/07/2017
Responsable	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Estado	Activa/
Tarefa2	AM-PDCyTQ-1-T-2
Descrición tarefa	Realización e análise da enquisa
Data prevista de finalización	31/12/2017
Responsable	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Estado	Activa

Código	AM-PDCyTQ-3
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1.Organización e desenvolvemento
Análise causa	Tense identificado unha porcentaxe pequena de estadias de estudantes, cara a mención internacional, que non se corresponde co espírito do Programa Probablemente debidas á dificultade de financiación.
Definición/ descrición proposta	Mellorar estes indicadores, tratando de acadar alomenos unha porcentaxe do 25%
Datas	Inicio: 01/10/2017; Finalización: 01/10/2018
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: 15/11/2017
Responsables	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Tarefa1	AM-PDCyTQ-3-T-1
Descrición tarefa	Información a los tutores y a los estudiantes sobre la utilidad de la mención internacional y la importancia de las estancias. Identificación de fuentes de financiación.
Data prevista de finalización	01/10/2018
Responsable	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Estado	Activa/

Código	AM-PDCyTQ-4
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1.Organización e desenvolvemento
Análise causa	Tense identificado unha cobertura insatisfactoria do número de prazas ofertadas
Definición/ descrición proposta	Mellorar o indicador correspondente, ata acadar alomenos unha cobertura do 60%
Datas	Inicio: 01/10/2017; Finalización: 01/10/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --; Data Estado: 15/11/2017
Responsables	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Tarefa1	AM-PDCyTQ-4-T-1
Descrición tarefa	Incrementar a difusión do Programa, acentuando a súa difusión a nivel internacional, fundamentalmente en Europa e en Latinoamérica
Data prevista de finalización	01/10/2020
Responsable	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento Coordinadora local do Programa na Universidade de Vigo
Estado	Activa/
Tarefa1	AM-PDCyTQ-4-T-2
Descrición tarefa	Promover o incremento da oferta de másteres de Química, explorando a posibilidade de ofertar algún máster de elevado nivel, que sirva de elemento adicional de atracción dun número significativo de alumnos de doutoramento altamente cualificados.
Data prevista de finalización	01/10/2020
Responsable	Coordinador Xeral do Programa de Doutoramento
Estado	Activa/

ANEXO I. LISTA DE EVIDENCIAS E INDICADORES

Nº	Criterios	EVIDENCIAS	Enlace/documento onde se atopa
EPD1	1	Memoria vixente	ACSUG
EPD2	1	Informes de verificación e, se procede, de modificación, seguimento e renovación da acreditación, incluíndo os plans de mellora.	ACSUG
EPD3	1	Informe/Acta onde se recolla a análise do perfil real de ingreso/egreso	Ver apartado 1.2 do Autoinforme
EPD4	1	Evidencias da realización das actividades formativas e sistemas de control realizados, conforme á planificación establecida	EPD4-EPD5-EDP15.pdf
EPD5	1	Informe de avaliación anual da Comisión Académica	EPD4-EPD5-EDP15.pdf
EPD6	1	Informe de complementos de formación específicos	No hay complementos
EPD7	1	No caso de programas interuniversitarios, evidencias de coordinación entre universidades participantes	Ver apartado 1.4 do autoinforme e documento recollido na evidencia EPD15
EPD8	1	Convenios de colaboración en vigor	No existen convenios
EPD9	1	Informes sobre actividades realizadas con institucións coas que o programa de doutoramento tivo colaboracións (con ou sen convenio)	Non existen convenios nin evidencias
EPD10	1	De ser o caso, evidencias de participación do programa en redes internacionais	Non existen evidencias
EPD11	2	Web da institución/programa	http://www.usc.es/
			http://www.usc.es/doutoramentos/gl/doutoramentos/ciencias/ciencia-tecnologia-quimica
			http://www.usc.es/gl/centros/cptf/edi/titulaciones.html?plan=15426&estudio=15427&codEstudio=14894&valor=9&orde=true
EPD12	2	Documentación derivada dos procesos do SGC sobre información pública, recollida de información e rendición de contas (informes varios, plan operativo de información pública, ...)	Non procede
EPD13	3	Informes de avaliación do deseño do SGC	Non procede
EPD14	3	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Non procede
EPD15	3	Actas das reunións celebradas, os dous últimos cursos , da Comisión Académica (as actas deben incorporar un apartado cos acordos adoptados en cada reunión)	EPD4-EPD5-EDP15.pdf

EPD16	3	Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, Deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, Garantía do aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, Garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos de Información Pública	<i>Non procede</i>
EPD17	3	Plans de seguimento e accións de mellora derivados da implantación do SGC	<i>Non procede</i>
EPD18	3	Informe/documento onde se recolla a análise das enquisas de satisfacción (% participación, resultados e evolución...)	Autoinforme: Criterios 3 e 6
EPD19	4	Táboa 1: PDI do Programa de doutoramento	EPD19. Táboa 1: PDI do Programa de doutoramento
EPD20	4	Táboa 2: Grupos de investigación	EPD20. Táboa 2. Grupos de investigación
EPD21	4	Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo	EPD21. Táboa 3: Proxectos de investigación competitivos activos de cada grupo
EPD22	5	Xustificación da suficiencia e adecuación dos recursos materiais e servizos directamente relacionados co programa	Autoinforme: Criterio 5
